

Última poesía galega

Luciano Rodríguez

Teresa Seara

198 Os cambios políticos e socio-culturais que se suceden dende 1975 –fin da ditadura franquista e instauración das liberdades democráticas, apertura a outras literaturas, estudio de especialidades de Letras na Universidade, etc.– inciden positivamente nunha mudanza poética que, anunciada dende moito antes, se consolida na década dos oitenta cuns autores que rompen definitivamente co Socialrealismo e elevan a nosa poesía a esferas pouco antes impen-sábeis. Neste momento, *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín (re)descobre unha linguaxe poética alongada do prosaísmo socialrealista no seu rigor estético e revitaliza temas eternos –amor, dor existencialista, paso do tempo– sen renunciar á dimensión política e social do texto poético. A obra abre novas vías de expresión poética que non serán seguidas mimeticamente polos autores dos oitenta, máis influídos pola actitude politicamente comprometida de Ferrín que polos seus versos. A publicación no ano 1980 da obra poética completa de Álvaro Cunqueiro permite tamén descubrir o inédito *Herba aquí e acolá*, libro que abre decididamente novas canles expresivas: entronque coas grandes correntes da lírica universal, valor da palabra, procura do fundacional. Estes son, ademais, os anos de recuperación de autores (Xosé María Díaz Castro, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Miguel González Garcés, Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño, Antón Avilés de Taramancos...) *silenciados* ou desatendidos por percorrer derrotas distintas, nos anos sesenta e primeiros dos setenta, dos da dominante corrente social.

Entre os anos de 1977-1980 tres grupos poéticos intentan dinamizar o noso panorama literario: Rompente, Cravo Fondo e Alén. Deles só o primeiro deu varias obras, aínda que, dende uns presupostos de resurrección das vangardas errados. Igualmente, para superar as dificultades intrínsecas ao acto de publicar, reúnen-se dez poetas coruñeses nas antoloxías *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985) que logran mobilizar un horizonte editorial estancado dende o esmorecemento do socialrealismo e dan inicio a un labor intenso de recitais e dinamización poética que fixeron saír do marasmo á poesía galega.

Os autores da década dos oitenta –Xavier R. Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte, Xavier Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Rivas, Millán Picouto, Paulino Vázquez, Eusebio Lorenzo Baleirón, etc.– supoñen un cambio radical na poesía galega. A súa achega máis salientábel foi a reivindicación e creación dunha lingua poética coidada mentres recuperan temas deostados e autores silenciados pola sombra inmensa da poesía social. Malia rexeitar a falta de rigor lingüístico e formal dos seus precedentes inmediatos recollen o facho do fondo compromiso ético coa terra-patria, agora expresado cun coidado estético exquisito. Consideramos que algúns trazos definitorios da poesía galega dos oitenta son:

1. A intención de crear unha linguaxe poética e un temario propios dende a valoración da poesía como arte da linguaxe. Elaboran un rexistro culto axeitado á expresión poética e tratan con el temas válidos para calquera tempo e lugar.
2. A grande importancia que dan á recuperación da palabra suxerente e vivencial que vai ligada á presenza do “eu” lírico como soporte poemático.
3. A asunción da tradición universal dende un coñecemento profundo e crítico desta. Isto provoca a aparición nos poemas dun forte culturalismo e a presenza de estruturas formais xa desenvolvidas pero tratadas cunha nova mirada.
4. A recuperación da lírica, o relanzamento do tema amoroso (con matices eróticos e sensoriais) aplicado tamén á relación coa terra.
5. O fondo compromiso ético e moral co seu tempo que se amosa e que motiva a visión da Terra como Patria a defender nos ámbitos socio-político, ético, estético e ideolóxico.
6. A gran preocupación formal que os leva a conxugar a mensaxe comprometida coa forma coidada: estética e ética, unha e indisolúbel unión.

O panorama editorial dos anos oitenta convulsionase no primeiro lustro da década cun profuso ritmo de publicacións: libros, revistas, folletos, etc., aparecen nunha máis que abundosa cantidade e revolucionan o horizonte de expectativas poéticas. A isto vai contribuír tamén, en gran medida, a instauración de premios como o Esquío (Ferrol), Leliadoura (Santiago de Compostela), Cidade de Ourense, etc. As revistas fanse eco desta eclosión poética e abren as súas páxinas aos novos autores difundindo a poesía dun xeito amplo.

Moi pronto tamén se dará conta da obra destes autores en antoloxías que van xurdindo ao longo da década. Son volumes monolingües ou bilingües en castelán, catalán, italiano, etc. que escolman, sempre segundo os particulares criterios dos antólogos, os autores máis relevantes do período. A estes feitos aínda se suma outro: a enorme importancia que se lles concede agora aos recitais poéticos como forma de achegarse ao público lector para facelo partícipe do texto. Nestes anos centros sociais, teatros, pubs e institucións acollen os autores e abren unha dimensión nova na divulgación da palabra poética.

Mais, cara a 1987 esmorece este ritmo vertixinoso e os poetas, a maioría, siléncianse de cara ao lector. Algúns premios son suprimidos, desaparecendo con eles as coleccións de poesía que sustentaban, as editoriais reducen o número de volumes e os recitais deixan de ser algo habitual. A escritura dos autores dos oitenta vaise facer embrionaira e, agás casos contados, non sae á luz máis que en certas e breves ocasións: colaboracións nas revistas que sobreviven ou recitais entendidos como actos illados de homenaxe.

Na década dos noventa revitalízase este panorama coa chegada de novos autores ao espacio da escritura poética. Ademais dos que comezan a publicar dende a fronteira da súa xuventude case adolescente, seguimos gozando da produción de todas as xeracións precedentes e dáse a revelación de voces que, procedentes de xéneros como o ensaio ou a narrativa, se inician na poesía. Estas novas voces nótrense das fontes abertas polos autores dos oitenta nun maxisterio recoñecido por eles mesmos pero que non implica un seguidismo epigonal a respecto dos modelos senón a busca da creación dunha liña persoal que varía na adopción de temas e formas.

Ao mesmo tempo, unha serie de factores alteran o panorama dos últimos anos da década anterior e propician a aparición doutras voces poéticas novas. Podemos sinalar como elementos desencadeantes da nova dinámica os seguintes:

1. O aumento, nestes anos, do número de premios de poesía concibidos como medio idóneo para dar pulo ao coñecemento de novos valores. Créanse así galardóns que, nalgún caso, inclúen nas súas bases cláusulas que especifican a idade dos participantes ou a esixencia de careceren os autores de obra publicada. Certames como o Espiral Maior, Martín Códax, Miguel González Garcés, xunto cos sobreviventes da década pasada, impulsan a creación poética nova dándoa a coñecer coa publicación da obra premiada e a difusión publicitaria que implica a súa convocatoria.

2. O espacio editorial recupera lentamente o ritmo de publicacións, sendo un feito decisivo, neste sentido, a creación de Edicións Espiral Maior no ano 1992, que xorde para difundir a poesía, malia posteriormente acoller tamén obras de narrativa e ensaio. Nas súas coleccións “Poesía” e “Illa Verde” publican os máis dos autores do momento. A un tempo, outras editoras crean coleccións de poesía ou editan as obras premiadas en determinados certames subvencionados por Concellos. Paralelamente, as Deputacións Provinciais publican as obras galardoadas nos certames que patrocinan e a Colección Esquíu de Poesía sobrevive substentada economicamente por Caixa Galicia.

3. Dáse un puxante intento dinamizador do espacio cultural galego a base da creación de empresas máis marxinais canto á difusión, con tiradas reducidas dos poemarios e que converten cada exemplar, pola súa esmerada presentación, nunha obra de arte orixinal (por exemplo, Edicións do Dragón ou Letras de Cal). Ligado a estes empeños acostuma ir o impulso que, novamente, reciben nesta época os recitais e festas poéticas, tentando recuperar o ritmo que decaera na fin da década dos oitenta.

4. Proliferan os grupos poéticos, entendidos como reunións de poetas que propician e alentan un traballo intenso a prol da difusión da súa obra de formas diversas: publicación de volumes colectivos e revistas, recitais, coloquios, charlas, organización de actividades interactivas que reúnen diferentes artes, etc. Os autores, conscientes da importancia deste labor divulgativo, poñen todos os medios ao seu alcance na consolidación de tales feitos e mesmo chega a haber interacción entre os diferentes grupos. De entre todos eles –Blas Espín, Un medio, Dolmen, Serán Vencello, etc.–, merece especial mención o Batallón Literario da Costa da Morte pola súa importancia na difusión da poesía durante os catro anos que estivo activo.

5. Este volve ser un bo momento para a edición de publicacións literarias (revistas, follas voandeiras, boletíns, etc.), abundando as marxinais e de escaso presuposto, que abren as súas páxinas á creación poética: *Animal*, *Clave Orión*, *Blas Espín*, *Gume*, *Feros Corvos*... Algunhas delas xorden fanadas polo seu carácter efémero e por unha distribución insuficiente que as fai pasar desapercibidas para o máis do público. Moitas nacen e desaparecen co número un, pero deixan un testemuño directo do interese crecente que esperta a poesía tanto entre os novos autores coma no público lector que experimentou tamén un aumento esperanzador nos últimos anos.

6. Especialmente importante, cuantitativa e cualitativamente, é a creación das autoras que, nesta época, chegan ao espacío literario en maior número que en décadas anteriores. As poetas cuestionan os modelos patriarcais e elaboran, en moitos casos, unha relectura dos mitos clásicos ligada tamén á experimentación cunha nova linguaxe erótica e social. Atrevemento no tratamento temático e certa liña feminista unida á nacionalista fan das autoras destes anos –Ana Romaní, María Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Chus Pato, Olga Novo, Emma Couceiro, etc.– valores en alza, tal e como o acredita o feito de conqueriren os máis dos premios literarios nestes últimos anos.

7. Mentres os poetas dos oitenta tiñan unha formación maiormente auto-didacta canto á lingua e literatura galegas, os autores máis novos contan a este respecto cunha boa formación académica. A implantación obrigatoria no ensino dende o curso académico 1979-80 permítelles tomar contacto coa nosa realidade lingüística e literaria dende niveis educativos primarios. Este feito fornéceos dun fondo coñecemento delas e contribúe a crearlles un certo sentimento de normalización dentro da nosa anormalidade específica.

202

Todos estes factores axudan ao agromar dos poetas que se dan a coñecer maioritariamente na década dos noventa. Agora ben, os novos autores, seguen en principio as liñas xa iniciadas polo seus predecesores. Xa se teñen alzado voces para falar do esgotamento da lírica dos oitenta e do nacemento dunha nova actitude poética que, aínda hoxe, non se materializou totalmente nin dende o punto de vista teórico nin na praxe. Aínda é pronto, pensamos nós, para falar de algo máis que de sucesión natural duns feitos que permiten a estes poetas publicar as súas primeiras obras sen amosar cambios radicais na súa poética a respecto dos seus inmediatos procederes.

Os autores que comencan a publicar nos noventa, malia compartiren en gran medida as características do movemento dos oitenta, presentan algúns trazos individualizadores como a modernización dos campos léxicos e a incorporación ao verso de vocabularios específicos que lle eran alleos: a linguaxe da burocracia, os termos do doméstico, as vertentes do mito... Malia todo, apréciase en certos poetas un empobrecemento léxico buscado para lograr a inmediatez e a efectividade do discurso.

Ademais, procuran unha coidada elaboración do poema e preocúpanse polo discurso que se fai máis directo, máis aparentemente sinxelo, sen negar a complexidade poemática. Gustan dos achados expresivos pero desbotan a

expresión requintada, excesivamente culturalista, substituída en favor do cotián, os símbolos dunha época que procura novos referentes. A maior narrativa do discurso e a profundación no ton coloquial, xunto coa contención verbal, son formas de busca dunha expresión máis núa que convive con arquitecturas poemáticas complexas.

Seguen cultivando os temas puxantes nos oitenta pero sempre buscando unha forma de expresión propia destes. Amosan unha gran diversidade poética con multiplicidade de rexistros que seguen, en boa medida, vellas liñas pero dende un ton máis intimista e confesional. Así triunfan os grandes temas universais da poesía como o amor/desamor, a dor existencial, a terra como unha realidade plural (ámbito cósmico, metáfora da muller, espacio nacional), o compromiso con causas sociais propias do momento (movementos ecoloxistas, antimilitarismo, etc.). Para alén disto, a poesía vólvese máis vivencial e de circunstancia mentres entra nela a experiencia como unha forma máis de expresar a actitude comprometida co ser humano e a súa problemática.

Dáse unha revisión crítica dos mitos presente, sobre todo, na escrita das poetas que seguen unha liña de subversión dos sistemas patriarcais da escrita e reinterpretan as figuras femininas arquetípicas dende novos puntos de vista. Non faltan tampouco intentos de intertextualidade entre as artes e os xéneros literarios de diversa fortuna, nin exemplos de metaliteratura buscando atinxir as orixes primeiras da escritura.

203

Formalmente algúns autores recuperan formas métricas clásicas malia ser habitual a procura de novos camiños poéticos con menor preocupación formal. Dáse unha desbarroquización xeral das formas, expresada en poemas máis curtos e menos herméticos, nun intento de regresar ao lector evidenciado xa na importancia que dan á organización de recitais públicos.

Podemos, en resumo, definir provisoriamente a obra dos novos poetas galegos pola contención expresiva ligada á preocupación pola comunicabilidade co lector, pero cun rigor lingüístico herdado dos anos oitenta; pola asunción dos temas poéticos universais dende a revisión crítica dos modelos e mitos patriarcais por parte das poetas; por un maior intimismo ligado á poesía vivencial e, máis que nada, pola procura dunha voz poética persoal dende o cultivo de temas e formas clásicos.

*Luciano Rodríguez
Teresa Seara*